



Achégate ás telecomunicacións

Público familiar | 3.º andar
Centro atlantTic e E.E. de Telecomunicación

Posto participativo no que poderás coñecer de preto proxectos de investigación relacionados coa tecnoloxía e as telecomunicacións nos que están a traballar no Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación da Universidade de Vigo e na Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.



Velaquí a nosa pegada

Público familiar | 3.º andar
ECOBAS

Algunha vez pensaches en que poderías facer para cambiar e mellorar o mundo? No espazo ECOBAS atoparás unha chea de exemplos dos temas que máis lle preocupan á cidadanía e, en particular, á mocidade, e que son obxecto de estudo dende a perspectiva das ciencias sociais. Achégate a coñecelos!



Prende a chispa das túas neuronas

Público familiar | 3.º andar
Grupo Neurocircuits - CINBIO

Queres coñecer como funciona o cerebro e as neuronas? Este é o teu posto! Poderás descubrir como son os cerebros de diferentes animais, a través de maquetas en 3D, e observar cerebros de verdade vistos coa lupa. Descubre como funciona ese grande ordenador que temos dentro do noso cráneo!



A febre dos materiais

Público familiar | 3.º andar
Grupo GESSMIN - CINTECX

A través de diferentes experimentos coñecerás as propiedades e as curiosidades que ofrecen os distintos tipos de materiais como os cerámicos, metálicos, polímeros e materiais compostos. Ademais, entenderás como o desenvolvemento de novos materiais axuda ao progreso e á evolución da sociedade.



Comprendendo as mentes materiais. Modifica o mundo construído o noso cerebro?

Público familiar | 3.º andar
INCIPIT - CSIC

A través de tecnoloxías de seguimento visual e lecturas de signos fisiolóxicos e ondas cerebrais, tratarán de que comprendas como as sociedades construíron o mundo e o impacto que isto tivo e ten no noso cerebro.

PROGRAMACIÓN G-NIGHT 2023

17.00 h Inauguración

Apertura dos postos
Obradoiros
Xogo interactivo
Xogo de escapada

17.30 h Actuación musical

Planta baixa

18.00 h Charlas (aula 1)

Segundo andar

Charla | Como tratar a desigual distribución de custos do cambio climático

Relator: Xavier Labandeira Villot
Director de ECOBAS

Charla | Intelixencia artificial, democracia e relacións laborais

Relator: Xosé Enrique Vázquez Vicente
Investigador de ECOBAS

Proxección | Desafíos do océano: científicas ao mando (CIM) (aula 2)

Walking together in innovation (CINBIO)
Segundo andar

19.00 h Charla | Fenómenos climáticos extremos. Que nos depara o futuro?

Relator: Gianluca Marino
Investigador distinguido Beatriz Galindo, UVigo

Proxección | Documental (aula 2)

Xakexi Xjuani: La memoria de una lengua
Presenta: Mauricio Sereno, coautor
Segundo andar

19.30 h Danza | Medo azul: cambio climático e incerteza na xente do mar

Planta baixa

20.00 h Charla | Matemáticas para a ciencia e a vida: topoloxía, datos e os segredos de Pompeia

Relator: Carlos Meniño Cotón
Axudante doutor - Dpto. de Matemática Aplicada da UVigo e investigador vinculado ao CITMAGA

Proxección | Píñulas de "La Universidad responde" (aula 2)

Segundo andar

20.30 h Danza | Medo azul: cambio climático e incerteza na xente do mar

Segundo pase con coloquio posterior
Planta baixa

21.00 h Clausura da Expo-feira

22.00 h Ciencia no bar

Vitruvia Café, praza de Compostela, núm. 5, Vigo

Charla | En busca do dato perdido: descifrando o código dunha científica de datos

Relatora: Ana Larrañaga

Charla | Más allá dos xenes: como o sexo e o xénero impactan nas enfermidades

Reladoras: Diana Valverde e Paloma Morán

G-NIGHT
Noite Galega das Persoas Investigadoras

CON CIENCIAS CREATIVAS

Noite europea das persoas investigadoras

29 de setembro de 2023

Edificio Redeiras
De 17:00 a 21:00 h.
Rúa da Ribeira do Berbés, 11
Vigo

Universidade de Vigo

Unidade de Cultura Científica e da Innovación

Tel.: 986 130 263
ucc.webs.uvigo.gal
ucc@uvigo.gal

uvigo.gal
in f X @

Universidade de Vigo

hr
EXCELLENCE IN RESEARCH

Un ano máis, a Universidade de Vigo únese á celebración da Noite Europea das Persoas Investigadoras (*G-Night*), un evento de divulgación científica que ten lugar o último venres de setembro en preto de 400 cidades espalladas por toda Europa. Esta iniciativa persegue achegarlle a investigación á cidadanía, facendo accesible o coñecemento científico a través de actividades gratuítas e para todos os públicos.

Ofrecémosche unha xornada de lecer científico con obradoiros, xogos, charlas, proxeccións e espectáculos nun edificio singular, nunha localización emblemática. A continuación, podes atopar unha relación das actividades da feira. Agardamos que a goces!



Medo azul: cambio climático e incerteza na xente do mar

Público familiar | Planta baixa
Grupo Future Oceans Lab - CIM

A través dun espectáculo de danza poderás coñecer e sentir a incerteza e emocións que experimentan as persoas que viven dos recursos mariños ante o quecemento dos océanos e outros efectos que produce o cambio climático no medio mariño.



Monopraza

Público familiar | Planta baixa
UVigo Motorsport

Os membros do equipo UVigo Motorsport amosarán o monopraza UM17, fabricado polo propio estudantado e co que participa nas competicións automobilísticas máis importantes do mundo. Unha oportunidade única para velo de preto!



Universo sen fronteiras: a ciencia espacial ao alcance de todos

Público familiar | Planta baixa
UVigo SpaceLab

Gustaríache saber como se fai unha misión espacial? Descúbreo neste posto, onde atoparás maquetas, prototipos e material aeroespacial de última xeración. Ademais, poderás coñecer a misión espacial que está desenvolvendo a asociación UVigo SpaceLab.



As Matildas da ciencia

Público familiar | Planta baixa
Unidade de Igualdade da UVigo

Esta actividade é unha oportunidade para reflexionar sobre os nesgos da ciencia, coñecer a algunhas das moitas científicas expulsadas da historia da ciencia polo efecto Matilda e promover as vocacións científicas femininas.



Xogo de escapada: sobrevive ao cambio climático

Público familiar | 1.º andar (punto de partida)
Grupo ECOCOST - CIM

Divertidísimo xogo centrado nos perigos do cambio climático nos ecosistemas mariños. Convertiríaste nun lumbricante ameazado que terá que completar o seu ciclo de vida, tratando de sobrevivir aos impactos ambientais provocados polo cambio climático.



Mergulla no solo

Público familiar | 1.º andar
Grupo GEA - CIM

Preparamos unha piscina de bólas (que serve de símil á estrutura dun solo) onde poderás «mergullar» na procura dalgúns dos organismos que alí viven e coñecer da man das científicas a biodiversidade do solo. Pasa un momento divertido mentres descubres toda a vida que se agocha baixo os nosos pés!



Os textos antigos tamén falan sobre a vulnerabilidade

Público familiar | 1.º andar
Grupo GEAT

Obradoiros sobre escrituras da antigüidade que porán de manifesto contextos de vulnerabilidade feminina. Precísase preinscrición.
Horarios: 18.00 h - Escritura xeroglífica. 19.00 h - Escritura micénica. 20.00 h - Escritura latina



Extractos de algas e cosmética

Público familiar | 1.º andar
Grupo BioDeSost - CINBIO

Obradoiro no que se presentarán cremas cosméticas ás que se incorporaron extractos de algas obtidos nos laboratorios da universidade a partir de tecnoloxías limpas. Aprenderás que empregar compostos naturais axuda tanto á nosa pel coma a manter un mundo máis sostible.



Nós facemos robots

Público universal | 1.º andar
Grupo EN.EDI


Este posto amosarache o funcionamento dun robot cartesiano coa función de «reloxo mecatrónico», as súas diferentes partes e o seu programa interno. Ademais, poderás coñecer a aplicación da intelixencia artificial para controlar con xestos e movementos algunha das maquetas dispoñibles.



Química verde na industria téxtil: reciclaxe dos seus residuos e descontaminación de augas

Público familiar | 3.º andar
Grupo de Procesos de Separación Avanzada

Neste obradoiro poderás ver unha demostración da descontaminación de augas con presenza de tinguiduras procedentes da industria téxtil, empregando en todo caso procesos verdes. Con esta actividade verás que é posible unha economía circular neste sector.



Termografía infravermella

Público familiar | 3.º andar
Grupo GTE - CINTECX

Neste obradoiro combinaranse explicacións teóricas con actividades prácticas, para que poidas coñecer conceptos básicos sobre a radiación e as súas aplicacións no campo da termografía. Ademais, aprenderás como funciona unha cámara termográfica e as súas diferentes aplicacións.



Unha viaxe polo nanomundo

Público familiar | 3.º andar
Grupo TeamNanoTech - CINBIO

Neste posto poderás realizar ata sete diferentes experimentos que che axudarán a entender e a achegarte ao mundo da «nanotecnoloxía». Tamén che amosarán a importancia e a presenza dos nanomateriais na vida cotiá e as súas aplicacións en múltiples ámbitos. Non o perdas!



Utilizamos residuos para limpar a nosa auga

Público familiar | 3.º andar
Grupo BIOSUV - CINTECX

Sabías que se poden empregar diferentes residuos alimentarios para descontaminar as augas? Nesta actividade terás a oportunidade de escoitar testemuñas, ver mostras en directo dos tratamentos de augas e realizar actividades manipulativas. Ata poderás levar os materiais que prepares para a casa!



Nanopartículas plasmónicas: un arco da vella metálico

Público familiar | 3.º andar
Grupo FunNanoBio - CINBIO

Neste obradoiro poderás explorar as posibilidades cromáticas das partículas, ademais de realizar experimentos combinando as nanopartículas sintetizadas coa técnica de reaccións inmunolóxicas en fluxo lateral (test de detección rápida de diferentes antixenos).